

FRANZ KAFKA

Carta ao pai



Irmás Cartoné, 2024

Colección Dunha sentada

Título orixinal: *Brief an den Vater*

Tradución do alemán: David Ángel Álvarez Martínez

Corrección: Beatriz Fariñas Garrote

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-129042-1-5

Dep. legal: C 1713-2024

Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta obra sen a autorización por escrito dos titulares do Copyright ©.

FRANZ KAFKA

Carta ao pai

Tradución de David Á. Álvarez Martínez



DRAMATIS PERSONAE

O círculo familiar e próximo de Franz Kafka (1883-1924):

HERMANN KAFKA (1852-1931): pai de Franz, a quen se dirixe a carta.

JULIE LÖWY (1856-1934): nai de Franz.

ELLI, hipocorístico de GABRIELE KAFKA (1889-1941): irmá de Franz.

VALLI, hipocorístico de VALERIE KAFKA (1890-1942): irmá de Franz.

OTTLA, hipocorístico de OTTILIE KAFKA (1892-1943): irmá de Franz, a súa predilecta.

GEORG (1885-1886), HEINRICH (1887-1888): irmáns de Franz, ambos falecidos con poucos meses de idade.

FELIX HERMANN (1911-1940): sobriño de Franz, fillo de Elli e de Karl Hermann.

GERTI HERMANN (1912-1972): sobriña de Franz, filla de Elli e de Karl Hermann.

KARL HERMANN (1883-1939): cuñado de Franz, casado coa súa irmá Elli.

PEPA, hipocorístico de JOSEF POLLAK (1882-1942): cuñado de Franz, casado coa súa irmá Valli.

RICHARD LÖWY (1857-1938): tío de Franz, medio irmán da nai.

ROBERT KAFKA (1881-1922): curmán de Franz, sobriño do pai.

PHILIPP KAFKA (1846-1914): tío de Franz, irmán do pai.

LUDWIG KAFKA (1857-1911): tío de Franz, irmán do pai.

IRMA KAFKA (1889-1919): prima de Franz, filla de Ludwig. Traballou un tempo no negocio do pai, morreu dunha doenza repentina.

FELICE BAUER (1887-1960): prometida de Franz durante un tempo e destinataria de cartas do autor entre 1912 e 1917, publicadas co título *Briefe an Felice*.

JULIE WOHRYZEK(1891-1944): última prometida de Franz.

Meu querido pai:

Preguntáchesme hai pouco por que afirmo que te temo. Como de costume, non souben que contestarche, en parte debido ao temor que che teño e en parte porque para explicar este temor hai que entrar en demasiados detalles como para os poder agrupar razoablemente na fala. E se agora tento darche unha resposta por escrito, será así mesmo de maneira incompleta, porque tamén na escrita mo impiden o temor e as súas consecuencias fronte a ti e porque a grandeza do tema supera a miña memoria e o meu entendemento.

Ti sempre imaxinaches este asunto dun modo sinxelo, polo menos cando falabas del diante de min e, sen distinción ningunha, diante de moita outra xente. A ti parecíache algo así: traballaches duro toda a vida, sacrificaches todo polos teus fillos, en especial por min, e eu vivín en consecuencia como un rei, tiven enteira liberdade para estudar o que quería, non tiven motivo para me preocupar polo sustento nin ningunha outra inquedaanza; non esixiches agradecemento, xa coñeces «o agradecemento dos fillos», pero si como mínimo algún recoñecemento, algún sinal de empatía; no seu lugar sempre me agochei lonxe de ti, no meu cuarto, onda os libros, con amigos tolos ou con ideas extravagantes; nunca falei abertamente contigo, non

estaba ao teu carón no templo, nunca te visitei en Franzensbad*, tampouco tiven xamais sentido da familia, non me ocupei nin do negocio nin dos teus outros asuntos, a fábrica endoseicha a ti e logo abandoneite, apoiei a Ottlá nas súas teimosías e mentres por ti non movo nin un dedo (nin sequera che levo unha entrada para o teatro), fago todo polos amigos. Se resumes o teu xuízo sobre min, resulta que non me reprochas nada realmente indecente ou malvado (con excepción talvez do meu último propósito de matrimonio), agás frialdade, estrañeza, desagradecemento. E reprocasmo como se fose a miña culpa, como se cun xiro de temón puidese eu arranxar todo doutra maneira, mentres que ti non tes a menor culpa no asunto, a non ser porque fuches demasiado benévolo comigo.


Esa maneira túa tan común de representar as cousas só me parece axeitada na medida en que tamén eu creo que ti es inocente por completo do noso distanciamento. Mais tamén eu son totalmente inocente. Se te puidese convencer para recoñecelo, entón sería posible, non talvez unha vida nova, para a que xa ambos os dous somos demasiado maiores, mais si unha especie de paz, non un cesamento, mais si un acougo dos teus continuos reproches.

Estrañamente, algunha intuición do que quero dicir si que tes. A este respecto, por exemplo, hai pouco dixéchesme: «Sem-

* Cidade balneario, hoxe en día máis coñecida polo nome checo de Františkovy Lázně, onde a familia adoitaba pasar as vacacións. (*N. do T.*)

pre te quixen ben, mesmo se nas aparencias non fun para ti como adoitan ser outros pais, precisamente porque eu non podoo finxir como outros». Teño que dicir, pai, que eu xamais dubidei da túa bondade cara a min, pero esa observación considéroa errada. Non podes finxir, é ben certo, mais querer afirmar só por esa razón que os demais pais finxen, ou ben é unha simple teimosía sen máis discusión ou ben —e si que o é ao meu parecer— a manifestación oculta de que entre nós algo non vai ben e que ti tamén fuches parte causante, aínda que sen culpa. Se opinas iso de verdade, entón estamos de acordo.

Evidentemente, non estou a dicir que resultei ser o que son a causa da túa influencia. Iso sería moi esaxerado (e eu teño tendencia a esa esaxeración). É moi posible que eu, incluso se medrase libre por completo da túa influencia, non chegase a ser unha persoa conforme o teu espírito. Sería con probabilidade un home fráxil, medorento, dubitativo e intranquilo, nin Robert Kafka nin Karl Hermann, mais completamente diferente ao que son, e poderíamos entendernos de marabilla o un co outro. Estaría feliz de te ter como amigo, xefe, tío, avó, mesmo (aínda que con algo máis de dúbidas) como sogro. Só precisamente en calidade de pai fuches demasiado forte para min, sobre todo porque os meus irmáns morreron de nenos, as irmás chegaron moito máis tarde e eu tiven que aguantar o primeiro golpe, para o que era demasiado débil, en completa soidade.



Este libro entrou no prelo o 3 de novembro de 2024, 100 anos e 5 meses despois do pasamento de Franz Kafka, e con el iníciase a colección Dunha sentada.